

RICARDO CARVALHO CALERO



CUESTIONARIO


LETRAS GALEGAS
17 DE MAIO DE 2020

SeminarioGalán.org

RICARDO CARVALHO CALERO



O DÍA DAS LETRAS GALEGAS FOI INSTITUÍDO POLA REAL ACADEMIA GALEGA NO ANO 1963 EN CONMEMORACIÓN DO CENTENARIO DA PUBLICACIÓN DO LIBRO «CANTARES GALLEGOS» DE ROSALÍA DE CASTRO.



1.- *Quen instituíu o Día das Letras Galegas?*

2.- *Que se conmemorou no ano 1963?*

1

RICARDO CARVALHO CALERO FOI CRÍTICO LITERARIO, FILÓLOGO, HISTORIADOR DA LITERATURA GALEGA, LINGÜISTA, NOVELISTA... E O PRIMEIRO CATEDRÁTICO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA DA UNIVERSIDADE COMPOSTELÁ. A EL DEDICÁMOSLLE O DÍA DAS LETRAS GALEGAS DESTE ANO.




3.- *A quen se lle dedica este ano o Día das Letras Galegas?*

4.- *De que materia foi catedrático?*

2

RICARDO CARVALHO NACEU NA CIDADE DE FERROL O 30 DE OUTUBRO DE 1910. ERA O PRIMOXÉNITO DE GABRIEL RICARDO E M^a DOLORES, QUE TIVERON CINCO FILLOS MÁIS.

A SÚA NAI APRENDEULLE A LER USANDO AS PÁXINAS DO XORNAL.



5.- Onde naceu Ricardo Carvalho?

6.- Como aprendeu a ler?

3

O ENSINO PRIMARIO REALIZOUNO EN FERROL, NUNHA ESCOLA DA RÚA MAGDALENA E DESPOIS NUN COLEXIO DIRIXIDO POLO ESCRITOR MANUEL COMELLAS. O BACHARELATO FÍXOO «POR LIBRE», REALIZANDO EXAMES EN VARIOS INSTITUTOS GALEGOS E DE CIUDAD REAL.



7.- En que rúa ferrolá estaba unha das escolas nas que fixo os estudos primarios Ricardo Carvalho?

8.- Quen dirixía un dos colexios nos que estudou?

4

EN 1931 REMATOU, NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO, A CARREIRA DE DEREITO COA CUALIFICACIÓN DE SOBRESALIENTE, FACENDO OS CINCO CURSOS DA CARREIRA EN SÓ CATRO ANOS. FOI O ENCARGADO DE PRONUNCIAR O DISCURSO DE INAUGURACIÓN DO CURSO 1930-1931.



9.- *Que carreira universitaria fixo en Santiago de Compostela?*

10.- *En cantos anos?*

5

AO CHEGAR A SANTIAGO ENTROU A FORMAR PARTE DO SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS, CREADO EN 1923, CO OBXECTIVO DE ESTUDAR E DIVULGAR O PATRIMONIO E A CULTURA GALEGA. NESTE GRUPO RICARDO CHEGARÍA A SER CONSELLEIRO E SECRETARIO XERAL.



11.- *En que grupo entrou Ricardo ao chegar a Santiago?*

12.- *Que obxectivos tiña o Seminario de Estudos Galegos?*

6

EN SANTIAGO REALIZOU O SERVIZO MILITAR OBRIGATORIO. UNS ANOS DESPOIS, EN 1936, PARTICIPOU NA GUERRA CIVIL CONTRA OS MILITARES GOLPISTAS E DEFENDENDO A REPÚBLICA. FOI DETIDO E CONDENADO A DOCE ANOS DE CÁRCERE, DOS QUE SÓ CUMPRÍU DOUS.



13.- *Que defendeu Ricardo Carvalho na Guerra Civil?*

14.- *Cantos anos estivo no cárcere?*

7

AO VOLTAR A GALICIA ENTROU A TRABALLAR NO COLEXIO FINGOI, DE LUGO, ONDE ESTIVO COMO PROFESOR E CONSELLEIRO DELEGADO DURANTE QUINCE ANOS. COORDINOU O CENTRO DE ESTUDOS FINGOI QUE PUBLICOU LIBROS EN GALEGO.



15.- *En que colexio lugués traballou?*

16.- *Que coordinou dende o colexio Fingoi?*

8

«A XENTE DA BARREIRA» É A PRIMEIRA NOVELA EN IDIOMA GALEGO PUBLICADA DESPOIS DA GUERRA CIVIL. PUBLICOUSE EN 1951 POLA EDITORIAL «BIBLIÓFILOS GALEGOS». NA NOVELA CÓNTASE A HISTORIA DUNHA FAMILIA FIDALGA RURAL, OS FRADE DE EIRÍS.



17.- Cal é o título da primeira novela en galego publicada despois da Guerra Civil?

18.- De que familia trata a novela?

9

«AS PITAS BAIXO A CHOIVA» NARRA UN FEITO QUE LLE ACONTECEU A RICARDO CANDO ERA NENO E INTENTABA METER AS PITAS NO GALIÑEIRO PARA QUE NON SE MOLLARAN. AO FINAL ACABAN TODOS MOLLADOS. O RELATO FOI PUBLICADO NA REVISTA «LAR» NO ANO 1952.



19.- Que animais son os protagonistas de «As pitas baixo a choiva»?

20.- En que revista se publicou este relato?
En que ano?

EN «CATRO PEZAS», PUBLICADO POLA EDITORIAL «GALAXIA» EN 1971, RECÓLLENSE OBRAS TEATRAIS DE RICARDO CARVALHO. «A FARSA DAS ZOCAS», UNHA DESTAS PEZAS, É QUIZAIS A MÁIS COÑECIDA E REPRESENTADA.



21.- Que editorial publicou «Catro pezas»?

22.- Cal é a peza máis coñecida e representada de «Catro pezas»?

OS «CONTOS POPULARES DA PROVINCIA DE LUGO» FORON RECOLLIDOS POLO PROFESORADO DE PRIMARIA DOS BEIZOS DA RAPAZADA DOS SEUS COLEXIOS E PUBLICADOS POLO CENTRO DE ESTUDOS FINGOI. A PRIMEIRA EDICIÓN, EN 1963, CONSTABA DE 300 CONTOS.



23.- Quen recolleu os relatos que se publicaron en «Contos populares da provincia de Lugo»?

24.- Cantos contos tiña a primeira edición do ano 1963?

12

ENTRA A TRABALLAR, EN 1965 COMO PROFESOR NO INSTITUTO ROSALÍA DE CASTRO DE SANTIAGO E, EN 1972, APROBA AS OPOSICIÓN S Á CÁTEDRA DE LINGUA E LITERATURA GALEGA DA UNIVERSIDADE COMPOSTELÁ CONVERTÉNDOSE NO PRIMEIRO CATEDRÁTICO DESTA ESPECIALIDADE.



25.- *En que instituto entrou a traballar no ano 1965?*

26.- *En que ano aprobou as oposicións á cátedra de Lingua e Literatura Galega?*

13

EN 1966 APARECE, PUBLICADA POLA EDITORIAL «GALAXIA», A PRIMEIRA EDICIÓN DA SÚA «GRAMÁTICA ELEMENTAL DEL GALLEGO COMÚN», UN MATERIAL DIDÁCTICO INEXISTENTE NESES ANOS E QUE SERÍA REEDITADO SETE VECES.




27.- *Que libro publicou Galaxia en 1966?*

28.- *Cantas veces se reeditou a «Gramática elemental del gallego común»?*

14

«GRAMÁTICA ELEMENTAL DEL GALLEGO COMÚN», ESCRITA POR RICARDO E PUBLICADA EN 1966, ESTABA DIRIXIDA AO ALUMNADO DA UNIVERSIDADE E AO PROFESORADO DE PRIMARIA QUE, DAQUELA, NON TIÑAN UNHA GRAMÁTICA NO NOSO IDIOMA.



29.- En que ano se publicou a «Gramática elemental del gallego común»?

30.- A quen estaba dirixida esta gramática?

15

RICARDO ESTÁ CONSIDERADO COMO O IDEÓLOGO DO «REINTEGRACIONISMO», UNHA CORRENTE LINGÜÍSTICA QUE DEFENDE QUE O GALEGO É UNHA VARIANTE DO PORTUGUÉS E PROPÓN O USO DUNHA GRAFÍA BASEADA NA NORMATIVA PORTUGUESA.



31.- Quen está considerado o ideólogo do «reintegracionismo»?

32.- Segundo esta teoría, de que idioma sería unha variante o idioma galego?

A NOVELA «SCÓRPIO» PUBLICOUSE EN 1987 POR SOTELO BRANCO EDICIÓNS E ACADOU O PREMIO DA CRÍTICA DE NARRATIVA GALEGA DESE MESMO ANO. O TEXTO CONTÉN NUMEROSOS ELEMENTOS AUTOBIOGRÁFICOS DO PROPIO CARVALHO CALERO.

SCÓRPIO

XXIII
SOCORRO

Pasamos estes primeiros días de verán na casa de Cabana, á beira do mar. Papá e a súa xente non chegarían ata o próximo mes. Artur pasa moitos días comosco cando o servizo llo permite. Os nenos medran saos. A cocleira e a neneira quérenos moito. Eu vou moitas veces ata o peirao a acompañar a Artur cando colle a lancha para Ferrol, e Felicia leva ao neno menor no colo e ao maior da man. Voltamos as dúas mulleres e os dous calvos respirando o vento mareiro e algunhas veces subimos ao souto de San Antón e alí estamos ata a hora do almorzo.

Ricardo Calero

A NOVELA «SCÓRPIO» PUBLICOUSE EN 1987 POR SOTELO BRANCO EDICIÓNS E ACADOU O PREMIO DA CRÍTICA DE NARRATIVA GALEGA DESE MESMO ANO. O TEXTO CONTÉN NUMEROSOS ELEMENTOS AUTOBIOGRÁFICOS DO PROPIO CARVALHO CALERO.

Letras Galegas 2020

33.- Que premio acadou a novela «Scórpio»?

34.- De que trata «Scórpio»?

RICARDO CARVALHO CALERO

DÍA DAS LETRAS GALEGAS, 17 DE MAIO DE 2020

Semiotic Galaxy

Epiloxia de Direccións do Idioma Galego

INSTITUTO GALEGO DO IDIOMA GALEGO